

O MEU PASO POLO COLEXIO:



Rocío Varela Souto 6º B.

GRAZAS!!!

O colexio é como unha gran familia, para que funcione ben, todos temos que colaborar, dende a dirección, os mestres/as, os alumnos/as, e toda a xente que está detrás, como:




**Alberto, o noso
conserxe.**

As cociñeiras.



As da limpeza.



**As profes do
comedor.**



INFANTIL:



En Infantil, comezou unha nova aventura, coa axuda das profes Susana e Diana, con compañeiros/as xa coñecidos, e moitos máis por coñecer, con ganas de adquirir moitos coñecementos, que me quedarían para toda a vida. Foi aí o momento de pintar e comezar a escribir, pero sobre todo, xogar e facer excursións cos meus novos amigos/as, pois estes son os momentos que máis recordo; as festas e as saídas inolvidables, que formaron parte dese maravillosos 3 anos de comezo no cole.



1º DE PRIMARIA



Novo ano, e cunha profesora xa coñecida, Finita, que xa me dera Psicomotricidade en Infantil. Acompañaríame, nos próximos 2 cursos. Aprendemos a ler e melloramos a escritura. E tamén desfrutamos moito das excursións, recordando especialmente, a nosa saída a Vigo, para visitar o zoo, e aprender máis sobre os animais.





2º DE PRIMARIA:



Seguimos con Finita, pouco a pouco fomos avanzando, aprendemos a sumar, a restar... e seguimos repasando coñecementos previos. Aprendemos moito sobre as olimpíadas, disfrazámonos de Hodori, a mascota de Seúl 88. E ademais, fixemos o noso primeiro exame! Vimos a casa de Rosalía e o Xardín botánico, e unha das miñas saídas favoritas, visitamos Avifauna. Finalmente tocou dicir adeus a Xabier, un compañeiro que marchou este curso.




3º DE PRIMARIA:

Esta vez, cambio de mestra, coñecemos a Mar, que nos acompañaría os demais cursos en Primaria. Comezamos ademais en natación, na clase de Educación física, por primeiro ano. Fomos a Sotavento, á Casa das ciencias, ao Planetario e á Domus. Ademais foi o último ano, da nosa camiñata a Preguntoño. E ao final do curso tocounos despedirnos de Pilita, a mestra de música, que despois de varios anos, dando clase no C.E.I.P de Arzúa, xubilouse.



4º DE PRIMARIA:

Parte do curso, vivímoloo, cunha profe diferente, chamada Andrea, posto que Mar, que esperabamos nos dese clase, estivo de baixa. Ademais dividíronnos en dúas clases, o que fixo que me separasen, dunha das miñas mellores amigas, algo máis levadeiro para dar clase, pero igualmente triste, por non seguir todos xuntos. Este ano, visitamos as Illas Cíes, unha das miñas excursións favoritas.



5º DE PRIMARIA:

Este ano coñecemos parte do patrimonio co que conta a nosa vila, fixemos un tramo do Camiño de Santiago dende Boente.

O meu primeiro contacto co esquí, acompañada de tres mestras e moitos compañeiros/as, vivimos uns días inolvidables na estación de San Isidro.

Gustoume moito practicar coa robótica cos mbots e os escornabots.



6º DE PRIMARIA:



Comezamos con ilusión o noso último ano, con ganas de aprender, para que o seguinte curso se nos fixera máis levadeiro.

Tiñamos a ilusión posta na excursión de fin de curso, da que iamos desfrutar todos xuntos/as.

Sabiamos que nos ían facer a despedida o último día de clase, na que os alumnos de 6º son os protagonistas.

Todos eses desexos víronse truncados por un virus que nos deixou confinados na casa, e acabou con parte dos nosos soños.



Despedida

Rematamos unha longa etapa da que só poden dicir cousas boas.

O meu paso polo CEIP de Arzúa, foi inolvidable, unha fonte de coñecementos , que me acompañarán toda a vida.

Uns compañeiros/as e amigos/as cos que espero continuar uns anos máis.

Do meu paso polo colexio, recordo con moito agarimo as excursións, os xogos populares, as competicións deportivas, os festivais e a miña colaboración coa biblioteca.

Agora empezo unha etapa nova e difícil, pero que collerei con ilusión e que sei que grazas aos coñecementos que me levo do colexio, se me vai facer máis levadeira.

